



ABAU 2020

IES ROU



# **O acesso á universidade**

# Requisitos para o acceso á universidade

## CRITERIOS DE ADMISIÓN DENDE BACHARELATO

Acceso non directo

1º Superación da parte obrigatoria da ABAU.

2º Nota media de bacharelato e nota media da ABAU.

3º Calificacións obtidas nas materias concretas na parte voluntaria da ABAU, só se as materias son ponderables para a titulación universitaria.

## CRITERIOS DE ADMISIÓN DENDE FP SUPERIOR

Acceso directo

1º Nota media do ciclo (de todos os módulos agás o de FCT).

2º Adscrición dos títulos ás ramas de coñecemento universitario, só en caso de empate.

3º Calificacións obtidas nas materias concretas na parte voluntaria da ABAU, só se as materias son ponderables para a titulación universitaria.

# O acceso á universidade desde bacharelato e desde a FP

## PARA OS TITULADOS DE BACHARELATO

Superar a ABAU (a Parte Obrigatoria), alomenos cun 4.

A nota de acceso será a **nota media ponderada** entre a ABAU (**40%**) e a media de bacharelato (**60%**), acadando en total alomenos un 5.

**Mónica Diz Orienta**

## PARA OS TITULADOS EN FP SUPERIOR

Teñen acceso **directo**. Non se reserva un nº de prazas para estes titulados, senón que entran só coa **nota media do expediente** en igualdade cos titulados de bacharelato.

**NMA (Nota Media de Acceso)**: Suma das cualificacións numéricas dos módulos, cualificados de 1 a 10, sen decimais, e dividindo o resultado obtido polo número total dos módulos.

Non serán computados os módulos de FCT nin os que fosen obxecto de validación.

Só se terá en conta que o **CS estea adscrito** á rama de coñecemento da titulación en caso de **EMPATE**.



**ORGANIZACIÓN DA A ABAU**  
**(Avaliación de Bacharelato para o**  
**acceso á Universidade)**

# A avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU)

Parte Obrigatoria  
Validez indefinida



Nota máxima de  
10 puntos.

Parte Voluntaria  
Permite mellorar a nota  
de acceso.  
Validez de dous anos



Nota máxima de  
4 puntos  
(tras multiplicar a nota de  
cada exame por 0'1 ou  
0'2)

## Como mellorar a nota de acceso na universidade

1º Presentándome á Parte Voluntaria da ABAU

2º Elixindo **materias vinculadas** á rama de coñecemento da titulación elixida.

# Parte obrigatoria da ABAU

- Versará sobre as materias troncais de 2º de bacharelato.
- 5 Exercicios. En cada exercicio preséntase un único exame con varias preguntas, todas susceptibles de ser elixidas. Haberá que escoller un número determinado. En caso de responder a máis preguntas das indicadas corríxese o número de preguntas indicado que figure en primeiro lugar
- Cada exame dura 90' e haberá 30' de descanso entre exames.
- Pódense realizar en castelá ou galego excepto LC, LG e L. Estranxeira

**1º Lingua  
Castelá e  
Literatura II**

**2º Lingua  
Galega e  
Literatura II**

**3º Historia  
de España**

**4º  
Primeira  
Lingua  
Estranx.II**

Alemán,  
Francés,  
Inglés,  
Italiano e  
Portugués

**5º Materia  
troncal  
vinculada á  
modalidade:**

Matemáticas II  
Matemáticas  
Aplicadas II  
Latín II  
Fundamentos da  
Arte II



# Materias da parte obrigatoria da ABAU

CIENCIAS	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
Historia de España Lingua Castelá e Literatura II Primeira Lingua Estranxeira II			
Lingua Galega e Literatura II			
Matemáticas II	Latín II	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II	Fundamentos da Arte II



# Nota da PARTE OBRIGATORIA

Cada exame puntúase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais.

A nota desta fase será a **Media Aritmética** das cualificacións de todos os exercicios, de 0 a 10, con tres cifras decimais, arredando á milésima máis próxima.

Exemplo:

$$7'300 + 4'200 + 5'900 + 6'100 + 7'800 = 31'30/5 = 6'26$$

# Superación da ABAU

Cando se obteña unha **nota igual ou maior a 5 puntos**, despois de facer a media entre o bacharelato (60%) e a Parte Obrigatoria (40%).

É necesario acadar **alomenos un 4 na Parte Obrigatoria**.

Exemplo:

- Nota de Bacharelato: 7'80
- Nota da Parte Obrigatoria 7'20
- Nota de acceso:  
 $(0'60 * 7'80) + (0'40 * 7'20) = 7'56$

Computan todas as materias na media de Bacharelato.

**Mónica Diz Orienta**

## Parte voluntaria da ABAU

Exame dun **máximo de 4 materias** a escoller de entre as **materias de opción** do bloque das materias troncais de calquera modalidade, e/ou das **materias xerais troncais** de modalidade distintas daquela da que se examinen na *Parte Obligatoria*

As materias escollidas para que puntúen deben acadar unha **puntuación mínima de 5** e ser ponderables para a titulación elixida.

A nota terá **validez** durante o ano en curso e o curso académico seguinte.

### Mónica Diz Orienta

No caso de presentarse a máis de dúas materias e aprobar, **só se terán en conta as dúas mellores notas**, despois de aplicar os parámetros de ponderación.

Tamén se considera **ponderable a nota da materia troncal xeral** de modalidade, obxecto de exame na Parte Obligatoria.



## Os exames da Parte voluntaria da ABAU

En cada exercicio preséntase un único exame con varias preguntas, todas susceptibles de ser elixidas.

Haberá que escoller un número determinado.

En caso de responder a máis preguntas das indicadas corríxese o número de preguntas indicado que figure en primeiro lugar.

**Mónica Diz Orienta**

Poderán facerse en castelá ou galego.

Cada exame durará 90' e haberá 30' de descanso entre exames.



## Materias da parte voluntaria da ABAU

Ata catro materias	CIENCIAS	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
Materias xerais troncais doutra modalidade	Latín II Mat. Aplicadas CCSS II Fundamentos da Arte II	Matemáticas II Mat. Aplicadas CCSS II Fundamentos da Arte II	Matemáticas II Latín II Fundamentos da Arte II	Matemáticas II Mat. Aplicadas CCSS II Latín II
Materias troncais de opción de calquera modalidade	Bioloxía Debuxo técnico II Física Xeoloxía Química Economía da Empresa Xeografía Grego II Historia da Arte Historia da Filosofía Artes Escénicas Cultura Audiovisual II Deseño			
Materia optativa	Segunda Lingua Estranxeira II (Alemán, Francés, Inglés, Italiano, Portugués).			

**Mónica Diz Orienta**



# Cualificación da PARTE VOLUNTARIA

- Cada unha das materias cualifícase de 0 a 10 con dúas cifras decimais. Hai que **acadar alomenos un 5 para superar o exame.**
- A nota acadada multiplícase por **0'1 ou 0'2**  
O valor resultante súmase á nota de acceso á universidade obtida na fase anterior (nota media entre a Parte Voluntaria e o Bacharelato)

Por exemplo:

- Nota de Bacharelato: 7'80
- Nota da Parte Obrigatoria: 7'200
- **Nota de acceso:**  $(0'60 * 7'80) + (0'40 * 7'200) = 7'560$
  
- Nota da Materia 1 (0'2): 6'5
- Nota da Materia 2 (0'2): 6'5
- Puntos adicionais:  $(6'50 * 0'2) + (6'50 * 0'2) = 2'60$
  
- **Nota de admisión:**  $7'560 + 2'60 = 10'160$

# Nota de acceso ≠ Nota de admisión

NOTA

Mónica Diz Orienta

De acceso

É a nota mínima que permite obter o dereito a acceder a calquera universidade española pública ou privada.

Consíguese superando o bacharelato e a Parte Obrigatoria da ABAU cunha nota media de 5 como mínimo, e un máximo de 10 puntos.

De admisión

Nota que permite conseguir o acceso a un determinado grao nunha universidade particular. A nota pode oscilar entre 5 e 14 puntos.

A "nota de corte" infórmanos da nota de admisión que conseguiu o último solicitante matriculado nun grao.

# Fórmula para calcular as notas de acceso e admisión

$$\text{Nota de acceso} = 0'6 * \text{NMB} + 0'4 * \text{CPO}$$

**NMB:** Nota media de bacharelato

**CPO:** Cualificación da Parte Obrigatoria

## Mónica Diz Orienta

$$\text{Nota de admisión} = 0'6 * \text{NMB} + 0'4 * \text{CPO} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

**NMB:** Nota media de bacharelato

**CPO:** Cualificación da Parte Obrigatoria

**M1, M2:** Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade correspondente, que proporcionen mellor nota de acceso, unha vez aplicados os parámetros de ponderación.

**a, b:** Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade que proporcionen mellor nota de acceso.



Nota media de Bacharelato



x 0.6

+


Nota media da Parte Obrigatoria



x 0.4

+

Nota da Parte Voluntaria



Materia 1

x 0.2 ou 0.1

+



Materia 2

x 0.2 ou 0.1


} Nota de acceso

} Nota de admisión

monicadizorienta



## **Poderase obter diferentes notas de admisión?**



**Sí.**

Os que soliciten diferentes titulacións, poden ter diferentes notas de admisión, en función da ponderación (0'1 ou 0'2) das materias elixidas na Parte Voluntaria, que lle conceda cada titulación.

## Admisión nas titulacións de GRAO con límite de prazas

Cando hai máis solicitudes que prazas, as universidades públicas empregan a **nota de admisión** para ordenar as solicitudes de maior nota ata a menor.

O último estudante que consegue entrar marca a **nota de corte**, que serve de referencia para o seguinte curso.

# Como interpretar as notas de corte

[Enlace para consultar as notas de corte](#)

Mónica Diz Orienta

## CiUG

O = Ordinaria  
E = Extraordinaria

(\*) Condicións económicas superiores (consultar no propio grao)

(\*\*) Grao con requisitos ou probas de acceso específicas (consultar no propio grao)

Universidade da Coruña					
Campus de Ferrol					
Código	Titulación	Prazas ofertadas	Nota de corte xuño	Nota de corte xullo	Vacantes
7002	Grao en Enfermaría	60	O 9,650		Non
7003	Grao en Enxeñaría Eléctrica	50		E 5,540	Si
7004	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	50		E 5,310	Si
7005	Grao Enxeñaría Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	70	O 5,298		Non
7007	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	45		E 5,270	Si
7008	Grao en Enxeñaría Mecánica	52		E 5,080	Si
7011	Grao en Podoloxía	50	O 5,920		Non
7012	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	48		E 5,406	Si
7013	Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	45		E 5,600	Si
7014	Grao en Xestión Industrial da Moda (**)	50	O 8,030		Non
7015	Grao en Xestión Dixital de Información e Documentación	45		E 6,378	Si
7101	Simultaneid. dos Graos de Enx. Mecánica e Enx. Naval e Oceánica	8	O 5,000		Non


## Podo volver a presentarme para subir nota?

- Hai dúas convocatorias anuais:
  - *Ordinaria (xullo)*
  - *Extraordinaria (setembro)*
- É posible presentarse en sucesivas convocatorias para **mellorar nota, tanto á parte obrigatoria (facela completa) ou a materias da parte voluntaria**. Considerarase sempre a cualificación superior entre as obtidas.
- Para o acceso á universidade na convocatoria ordinaria, teñen **prioridade** os que aprobaron ese ano en xullo, ou en anos anteriores.

## COMO RECLAMAR AS CUALIFICACIÓNS DA ABAU:


Trátase dun proceso único de revisión que se solicita en NERTA nos tres días hábiles a partir da publicación das cualificacións.

Este proceso consta de tres fases:




- Tras corrixir os erros de suma a cualificación do exame asígnaselle a letra "P" e pasa a ser provisional.

**Mónica Diz Orienta**



- Se hai una diferencia de menos de dous puntos a cualificación do exame será unha media entre S e P:  $S+P/2$
- A cualificación será definitiva.



- Se hai una diferencia de máis de dous puntos realízase a 3ª corrección
- A cualificación definitiva será una media das tres correccións:  $S+P+T/3$



## Como interpretar as «TÁBOAS DE PONDERACIÓNS» DA PARTE VOLUNTARIA da ABAU\_atualizadas en abril 2020

[Enlace para descargar](#)

**Mónica Diz Orienta**

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE							
		Bioloxía	Debuxo Técnico II	Física	Hª da Filosofía	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas II	Química	Xeoloxía
CIENCIAS	Bioloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	0,2
	Biotecnoloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Bioquímica (1)	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Ciencias Ambientais	0,2		0,1		0,1		0,2	0,2
	Ciencias do Mar	0,2		0,2		0,2		0,2	0,2
	Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,2		0,1		0,2		0,2	0,1
	Física	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1
	Matemáticas	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1
	Nanociencia e Nanotecnoloxía (1)	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1
	Química	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1

1) Titulación pendente de verificación

CIENCIAS DA SAÚDE	Enfermaría	0,2		0,1		0,2		0,2	
	Farmacía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Fisioterapia	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Logopedia	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Medicina	0,2		0,1		0,1		0,2	
	Nutrición Humana e Dietética	0,2		0,1		0,2		0,2	
	Odontoloxía	0,2		0,1		0,1		0,2	
	Óptica e Óptometría	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Podoloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Psicoloxía	0,2			0,1	0,1	0,2		
	Terapia Ocupacional	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Veterinaria	0,2		0,2		0,2		0,2	

# Calendario da ABAU 2020

## DATAS

Último día para avaliación final ordinaria de 2º de bacharelato

**9 de xuño**

Reclamacións notas de bacharelato

¿?

Celebración ABAU ordinaria

**7, 8, 9 de xullo**

Probas extraordinarias 2º de bacharelato

¿?

Celebración da ABAU extraordinaria

**15, 16 e 17 de setembro**

CONVOCATORIA ORDINARIA ABAU 2020	DATA	LUGAR
ÚLTIMO DÍA PARA A AVALIACIÓN EN 2º BACHARELATO	9 de xuño (Según instrucións do 27 de abril da Consellería)	Centro educativo
RECLAMACIÓNS BACHARELATO		Centro educativo
MATRÍCULA ANTICIPADA NA ABAU (para titulados de FP en 2020 e titulados de FP e BACH de anos anteriores)	1 ó 17 de xuño	Preferentemente en NERTA <a href="https://www.eduxunta.es/nerta/">https://www.eduxunta.es/nerta/</a> Excepcionalmente e con cita previa no LERD correspondente.
PRE-MATRÍCULA DA ABAU (para titulados en xuño 2020)	10 ó 17 de xuño	Centro educativo
ENVÍO POR PARTE DOS CENTROS EDUCATIVOS DA DOCUMENTACIÓN DO ALUMNADO MATRICULADO ÓS LERDS	17 ó 19 de xuño	Envío electrónico por parte do Centro educativo
CONSULTA DA LISTAXE PROVISIONAL DE MATRICULADOS E RECLAMACIÓN SE PROCEDE.  <b>Mónica Diz Orienta</b>	17 de xuño ata as 14'00: reclamación no centro educativo A partir do 19 de xuño: Consulta en Nerta	En NERTA <a href="https://www.eduxunta.es/nerta/">https://www.eduxunta.es/nerta/</a>
MATRÍCULA EXTRAORDINARIA ABAU (para quen titule en Bach. despois das reclamacións na Consellería)	3 de xullo de 9'00 a 14'00h	En NERTA <a href="https://www.eduxunta.es/nerta/">https://www.eduxunta.es/nerta/</a>
DATAS DOS EXAMES DA ABAU	7, 8 e 9 de xullo	Ver comisións delegadas (publicaranse na CIUG antes do 24 de xuño)
PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS e ENVÍO DA TARXETA DE CUALIFICACIÓN DA ABAU	16 de xullo a partir das 20'00h	En NERTA <a href="https://www.eduxunta.es/nerta/">https://www.eduxunta.es/nerta/</a>
SOLICITUDE DE REVISIÓN DOS EXAMES	17 ó 21 de xullo ata as 14'00h	En NERTA <a href="https://www.eduxunta.es/nerta/">https://www.eduxunta.es/nerta/</a>
PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS E ENVÍO DA TARXETA DE CUALIFICACIÓN DA ABAU	23 de xullo	En NERTA <a href="https://www.eduxunta.es/nerta/">https://www.eduxunta.es/nerta/</a>
SOLICITUDE DE CONSULTA DOS EXAMES REVISADOS	24 ó 27 de xullo ata as 14'00h	Presentar formulario no LERD

## XESTIÓNS E DOCUMENTACIÓN PARA A ABAU BACHARELATO

### SOLICITAR O TÍTULO DE BACHARELATO (Realízase na secretaría do centro)

- Cumplimentar a instancia.
- Cubrir o impreso de abono de taxas segundo a copia que se adxunta e pagar nunha das entidades colaboradoras:
  - Tarifa normal: 49´82 eu.
  - Tarifa familia numerosa 1ª ou 2ª categoría: 24´94 (xeral) ou gratuíta (especial).
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia compulsada carné fª numerosa

**Mónica Diz Orienta**

### MATRÍCULA NA ABAU (Pode realizarse cumplimentando un impreso na secretaría do centro ou en Nerta)

- Cumplimentar o impreso para a matrícula e asinalo.
- Impreso de abono das taxas (pagar nunha entidade colaboradora):
  - Tarifa normal: 63´67 eu.
  - Tarifa familia numerosa: 31´84 (xeral) ou gratuíta (especial).
  - Ver na convocatoria outras condicións de tarifas.
- Fotocopia DNI.
- Fotocopia compulsada carné fª numerosa ou documentación acreditativa de exención de taxas.



## O IMPRESO DA ABAU

### NA PARTE OBRIGATORIA

- Marcar a Primeira Lingua Estranxeira  **cursada** en bacharelato (Inglés, Francés, Alemán, Portugués e Italiano).
- Marcar se procede Exención LINGUA GALEGA (opcional solo para aqueles exentos en 2º de bacharelato).
- Marcar a materia troncal de modalidade (Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, Latín II, Fundamentos da Arte II).

### NA PARTE VOLUNTARIA

- Escoller unha, dúas, tres ou catro **MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN**, ou 2ª L.E., ou **TRONCAIS XERAIS** diferentes da escollida na Parte Obrigatoria.

**Mónica Diz Orienta**

ATENCIÓN ao escribir o CORREO ELECTRÓNICO e o TELF. MÓBIL.



# O impreso de matrícula na ABAU

**DATOS PERSOAIS**

1º apelido: \_\_\_\_\_ 2º apelido: \_\_\_\_\_ Nome: \_\_\_\_\_  
 Dirección postal: \_\_\_\_\_ Sexo: \_\_\_\_\_ Nacionalidade: \_\_\_\_\_

**Datos de contacto**

Teléfono: \_\_\_\_\_ Teléfono móbil: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

**Dirección familiar**

Rúa/Lugar: \_\_\_\_\_  
 CP: \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_ Concello: \_\_\_\_\_  
 Provincia: \_\_\_\_\_ País: \_\_\_\_\_

**Datos de sacramento**

Relixión: \_\_\_\_\_  
 Data: \_\_\_\_\_ País: \_\_\_\_\_  
 Parroquia: \_\_\_\_\_ Concello: \_\_\_\_\_

CAA autorízase (presa o seu consentimento) a Comisión Interuniversitaria de Galicia sobre a opción de clase para a condición académica e con fins estatísticos e informativos, así como o seu uso interno polos administracións educativas (artigos 9 e 11 de Lei Orgánica 15/1994, de protección de datos), podendo exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (artículo 17 de Lei 15 de 17 de 1994).

Desexo recibir información de ABAU e do acceso ao BAO en seguinte correo electrónico: \_\_\_\_\_

**MODALIDADE DE BACHARELATO CURSADA (Riscar a opción correcta)**

ARTES  CIENCIAS  CIENCIAS SOCIAIS  HUMANIDADES

**EXENCIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA II (Riscar se procede)**

Solicito a exención na proba ABAU do exercicio de Lingua Galega e Literatura II (II) por estar exento de Lingua Galega e Literatura II de Segundo Curso de Bacharelato.

**ADAM - PARTE VOLUNTARIA**  
 (Riscar as opcións de 1 a 10 correspondentes ao curso cursado)

**MATERIAS DE OPCIÓN - TRONCAIS DE MODALIDADE (non cursadas)**

<input type="checkbox"/> 01 - Artes Escénicas	<input type="checkbox"/> 32 - Grego II	<b>TRONCAIS DE MODALIDADE</b> Non riscar o troncal de Modalidade de Bacharelato cursado correspondente á Parte Obrigatoria da ABAU.
<input type="checkbox"/> 21 - Bioloxía	<input type="checkbox"/> 33 - Historia de Arte	
<input type="checkbox"/> 53 - Cultura Audiovisual II	<input type="checkbox"/> 34 - Historia da Filosofía	
<input type="checkbox"/> 32 - Debuxo Técnico II	<input type="checkbox"/> 34 - Química	
<input type="checkbox"/> 53 - Deseño	<input type="checkbox"/> 35 - Xeografía	
<input type="checkbox"/> 31 - Economía da Empresa	<input type="checkbox"/> 35 - Xeoloxía	
<input type="checkbox"/> 23 - Física	<input type="checkbox"/> 40 - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais	
	<input type="checkbox"/> 30 - Matemáticas II	
	<input type="checkbox"/> 30 - Latín II	
	<input type="checkbox"/> 50 - Fundamentos de Arte II	

**2º LINGUA ESTRANXEIRA II**  
 (Riscar a opción lingüística de que se vai examinar. Opcións de que se examina na Primeira Lingua Estranxeira (I))

01 - ALEMÁN  02 - FRANCÉS  03 - INGLÉS  04 - ITALIANO  05 - PORTUGUÉS

Solicito matricularme na convocatoria  ordinaria /  extraordinaria (riscar a opción) do ano 201\_\_ de proba ABAU.

En \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_.

**Assinatura do alumno/a**

\_\_\_\_\_

SR. PRESIDENTE DA CUD

## INSTRUCCIÓNS

### INSTRUCCIÓNS PARA TODO O ALUMNADO

O alumnado deberá entregar este impreso no prazo de pre-matricula para as probas de Avaluación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) no seu centro de Bacharelato. Recibirá no seu correo electrónico un "Código de Acceso" necesario para poder realizar na aplicación informática MERTA as solicitudes de reclamación ou segunda corrección e a solicitude de preinscrición en situacións con límite de prazos de BAO.

### EXENCIÓN DE "LINGUA GALEGA E LITERATURA II (02)" NA ABAU

\*Estará exento da realización desta proba o alumnado con exención da materia de Lingua Galega e Literatura II.\*

### MATERIAS DE 2º DE BACHARELATO LOMCE OXECTO DE EXAME NA PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE

**MATERIAS DA PARTE OBLIGATORIA (cursadas)**

ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
Historia de España	Historia de España	Historia de España	Historia de España
Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura I
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura I
1º Lingua Estranxeira I (I)	1º Lingua Estranxeira I (I)	1º Lingua Estranxeira I (I)	1º Lingua Estranxeira I (I)
Fundamentos de Arte I	Matemáticas I	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS.	Latín I

(I) Alemán / Francés / Inglés / Italiano / Portugués (Opción cursada como Primeira Lingua Estranxeira I)

**MATERIAS DA PARTE VOLUNTARIA (a elixir un máximo de 4 materias)**

ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
Artes Escénicas	Artes Escénicas	Artes Escénicas	Artes Escénicas
Bioloxía	Bioloxía	Bioloxía	Bioloxía
Cultura Audiovisual II	Cultura Audiovisual II	Cultura Audiovisual II	Cultura Audiovisual II
Debuxo Técnico II	Debuxo Técnico II	Debuxo Técnico II	Debuxo Técnico II
Deseño	Deseño	Deseño	Deseño
Economía da Empresa	Economía da Empresa	Economía da Empresa	Economía da Empresa
Física	Física	Física	Física
Grego I	Grego I	Grego I	Grego I
Historia de Arte	Historia de Arte	Historia de Arte	Historia de Arte
Historia da Filosofía	Historia da Filosofía	Historia da Filosofía	Historia da Filosofía
Latín I	Fundamentos de Arte I	Fundamentos de Arte I	Fundamentos de Arte I
Matemáticas Aplicadas CCSS	Matemáticas Aplicadas CCSS	Matemáticas I	Matemáticas Aplicadas CCSS
Matemáticas I	Latín I	Latín I	Matemáticas I
Química	Química	Química	Química
Inglés II	Xeografía	Xeografía	Xeografía
Reserva	Reserva	Reserva	Reserva
2º Lingua Estranxeira I (I)	2º Lingua Estranxeira I (I)	2º Lingua Estranxeira I (I)	2º Lingua Estranxeira I (I)

(I) Opcións lingüísticas: Alemán / Francés / Inglés / Italiano / Portugués


# Aplicación NERTA

- Todo o proceso de inscrición na ABAU e na universidade realízase a través da aplicación telemática [Nerta](#).
- Hai que darse de alta solitando unha conta e aportando datos personais.
- Posteriormente recíbese unha **clave** para poder entrar na aplicación.


The logo for Nerta features the word "nerta" in a blue, lowercase, sans-serif font. The letter "a" is stylized with a black outline and three small colored dots (red, purple, green) above it.

xestión do acceso ao  
sistema universitario de Galicia

## Como se obtén o acceso a Nerta



Tras matricularse na ABAU no centro, chégalle ao solicitante unha mensaxe por correo electrónico con instrucións para activar a conta.




Facilitase un pin e un enlace ao que hai que acceder.



Ao pinchar no enlace veremos:

# 1º Paso: activar a conta de usuario



## 2º Paso: Entrar en Nerta co nome de usuario e contrasinal

# NERTA

### Identifíquese

Usuario de educación

Conta de usuario (sen @educxunta.gal)

Contrasinal

Entrar

### Ou entre con certificado dixital

Entrar



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Servizo prestado pola Consellería de Educación, Universidade e  
Formación Profesional  
Xunta de Galicia



# **A situación de exame da ABAU**



# HORARIOS DA ABAU 2020



## HORARIO

MARTES-7 DE XULLO	
9:00 – 10:00	<i>Presentación</i>
10:00 – 11:30	03-Historia de España
11:30 – 12:00	<i>Descanso</i>
12:00 – 13:30	01-Lingua castelá e Literatura II
13:30 – 15:30	<i>Descanso</i>
15:30 – 17:00	40-Matemáticas Aplicadas CC.SS 50-Fundamentos da Arte II
17:00 – 17:30	<i>Descanso</i>
17:30 – 19:00	31-Economía da empresa 53-Deseño

	MÉRCORES – 8 DE XULLO	XOVES – 9 DE XULLO
9:00 – 10:30	02-Lingua Galega e Literatura II	21-Bioloxía 33-Historia da Arte
10:30 – 11:00	<i>Descanso</i>	<i>Descanso</i>
11:00 – 12:30	(11, 12, 13, 14, 15)-Primeira Lingua Estranxeira II	23-Física 35-Xeografía 52-Cultura Audiovisual II
12:30 – 13:00	<i>Descanso</i>	<i>Descanso</i>
13:00 – 14:30	20-Matemáticas II 30-Latin II	25-Xeoloxía 34-Historia da Filosofía
14:30 – 16:00	<i>Descanso</i>	<i>Descanso</i>
16:00 – 17:30	22-Debuxo Técnico II 51-Artes Escénicas (61, 62, 63, 64, 65)-Segunda Lingua Estranxeira II	Incidencias non previstas
17:30 – 18:00	<i>Descanso</i>	
18:00 – 19:30	24-Química 32-Grego II	

## DOCUMENTACIÓN PARA O DÍA DO EXAME

DNI ou pasaporte.

Resgardo de matrícula e xustificante de pago.

Pluma ou bolígrafo azul ou negro, imborrable.

Material para Debuxo.

Diccionarios Latín e Grego: cos apéndices gramaticais, pero non contidos literarios sobre a evolución do latín ó español (estas páxinas deben graparse). Os diccionarios serán revisados para comprobar se hai anotacións.

Calculadora non programable, para Matemáticas, Física e Química, Economía da empresa.

Non permitido: móbil, smartwatch, reloxis intelixentes, ... .

En caso de detectar que un alumno copia instaráselle a saír da aula e puntuarase cun 0 ese exame.

## NORMAS E INSTRUCIÓNS

Todos os alumnos deberá acudir á presentación o primeiro día ás 9'00h. E logo presentarse a cada un dos exames á hora de comezo.

Non está permitido **teléfonos móbiles nin outros dispositivos electrónicos** agás calculadora non programable.

No momento da presentación o tribunal asignará un **posto de exame** para cada alumno que deberá ocupar en todas as probas.

No momento da presentación o alumnado poderá facer cambios na matrícula da ABAU (en caso de detectar erros) mediante o formulario oficial.

Ao comezo das probas o alumnado recibirá un **xogo de adhesivos de código de barras** que os identifica. Son persoais e intransferibles. Non deberán modificarse nin dobrarse, e quedarán baixo resguardo do alumno. Recoméndase non deixar os adhesivos ao alcance doutras persoas.

Haberá que manter os pavillóns auditivos despexados.

Non se pode abandonar a aula do exame ata **transcorrer 30'** desde o comezo.

O acceso ó exame implica **sempre a entrega do caderno** de exame, aínda que se deixase en branco.

**Mónica Diz Orienta**

[Ver instrucións completas na web da CIUG](#)



## O CADERNO DE EXAME

En cada exame recibirase un **caderno** formado por dúas follas A-3 (8 páxinas de tamaño A-4) e unha **cabecera adhesiva** que hai que pegar na portada do caderno.

Cada exercicio ten dúas opcións (A ou B). O alumnado deberá escoller únicamente unha delas, que será marcada cun X na portada do caderno. En caso de realizar as dúas opcións ou partes de cada unha, corríxrase solamente a opción A.

Pódese redactar para as respostas **todas as páxinas** (as 7 páxinas) agás a primeira (portada).

Non se pode arrincar nin engadir follas. Só se pode utilizar un único caderno por exame.

**Os exames son anónimos** e non poden asinarse nin levar marcas ou subliñados en cores que poidan permitir unha eventual identificación persoal.


Recoméndase **non pegar os adhesivos** ata rematar o exame por se se ten que cambiar o caderno.

Ao saír da aula deberase **entregar o caderno debidamente etiquetado** a un membro do tribunal, aínda que se deixase en branco. Nunca se deixará enriba das mesas.



# MODELO DE CADERNO DE EXAME

1º Pegar a cabeceira pola parte adhesiva no lugar indicado



2º Marcar a opción escollida (A ou B)



**Mónica Diz Orienta**

**CiUG**  
CENTRO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EN ENFERMERÍA

**PROBA DE ACCESO  
(ABAU)**

PEGUESE AQUI Á CABECEIRA

Informe/Observación:



Nota parcial	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	Cuñización

opción A  opción B  (Marcar a opción correcta)

Nota:   
Opción A:   
Opción B:

# A CABECEIRA ADHESIVA

Na cabeceira hai que poñer o código da materia de exame. Os códigos das materias serán entregados por escrito ao alumnado e estarán copiados na pizarra.

**CIUG** **sug**

Proba de acceso á universidade

**Qualificación**

--	--	--

**Espazo reservado para a administración**

Colocar aquí o código de barras

**Qualificación**

Zonas:	
1º	2º
3º	4º
5º	6º
7º	8º
9º	10º
11º	12º

**A cubrir polo/a alumno/a**

**Materia**

Código: 

--	--

Nome da materia:

Etiqueta adhesiva co código de barras do/a alumno/a

Colocar aquí o código de barras

**Código do/a corrector/a**

Assinatura do/a corrector/a

5º Pegar o código de barras

3º Poñer o código da materia

4º Poñer o nome da materia

**Mónica Diz Orienta**

# A CABECEIRA ADHESIVA PÉGASE NA PORTADA DO CADERNO, cando remates de redactar o exame.

Así queda a cabeceira  
pegada na portada do  
caderno de exame.

The form contains the following elements:

- Logos for CiUG, UBA, and UAG.
- Section 'Espazo reservado para a administración' with a barcode and 'Código de identificación'.
- Section 'Espazo para o alumno' with fields for 'Materia', 'Código', and 'Número de matrícula', and another barcode.
- Section 'Código para o profesor' with a table for 'Código de identificación'.
- Section 'Nota parcial' with a table for 'Nota' and 'Código'.
- Section 'Código para o profesor' with a table for 'Código de identificación'.
- Section 'Nota final' with a table for 'Nota' and 'Código'.
- Options: 'OPCIÓN A' (checked), 'OPCIÓN B' (unchecked), and 'Marcar a opción correcta'.
- Section 'Nota final' with a table for 'Nota' and 'Código'.

**Mónica Diz Orienta**

**PARA MANTERSE INFORMADO E RESOLVER DÚBIDAS:**

**Web ABAU: [ciug.gal/gal](http://ciug.gal/gal)**

**Dirección de correo electrónico: [ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)**

**Teléfono: 881 813 452**

**Acceso a Nerta**



**CIUG** COMISIÓN  
INTERUNIVERSITARIA  
DE GALICIA

Preguntas frecuentes - **Nerta**



» **Probas de acceso á  
Universidade**



» **Admisión e Matrícula  
no S.U.G.**



» **Lexislación**

**Información  
sobre a ABAU**

**Mónica Diz Orienta**

# CONSELLOS PARA PREPARAR E SUPERAR A ABAU

## ANTES DO EXAME:

Elabora un plan de estudo.

Comeza polas materias que se che dean peor, cando estés máis canso estudarás mellor as que che gusten.

Utiliza un método: lectura rápida, lectura comprensiva, suliñado, esquema, mnemotecnia.

Durme 8 horas diarias.

Non consumas excitantes: café, fármacos, tabaco. Aliméntate saudablemente.

Realiza exercicio físico, pasear, nadar, ...

Visita o lugar de exame para evitar medos escénicos e asegurar a puntualidade.

O día anterior: preferiblemente non estudes, realiza algo relaxante, descansa.

## O DÍA DO EXAME:

Acude con antelación. Evita chegar tarde, ese día haberá moito tráfico que desexe acceder á zona de celebración dos exames á mesma hora.

Almorza ben.

Evita repasos de última hora, a información xa está almacenada.

Evita falar con compañeiros que estén moi nervosos, transmitirante intranquilidade.

Evita comentar dúbidas do temario, só servirán para poñerte máis nervioso.

Se notas ansiedade realiza técnicas de relaxación: tensión-distensión muscular e respiración.

Evita estudar entre exames, procura descansar e relaxarte.

Non te plantexes non presentarte a algún exame. Non presentarse só sirve para asegurar un suspenso.

**Mónica Diz Orienta**

## DURANTE O EXAME:

Le todas as preguntas antes de escoller as que vas a contestar.

Comeza polas preguntas que mellor sepas, irás aumentando a seguridade e aseguras puntos.

Leva un reloxo e controla o tempo.

Expón cada idea nun párrafo cos conceptos clave.

Se é posible deixa algo de tempo para repasar, revisa a ortografía.

Se te quedas en branco ou te pos nervioso, para, escribe ideas nun folio, practica a respiración para relaxarte.